



CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN GALLEGA DEL HIDRÓGENO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO, DIFUSIÓN, INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN RELACIONADAS CO DESENVOLVEMENTO E O IMPULSO DO SECTOR INDUSTRIAL DO HIDRÓXENO VERDE EN GALICIA DURANTE O ANO 2025.

REUNIDOS

Dunha parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, en adiante Inega, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022 do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, José Ramón Ferreiro González, na súa calidade de presidente da Asociación Gallega del Hidrógeno (en adiante, a Asociación) con NIF G16854234, sita en rúa Vulcano, número 5, 15172 Oleiros (A Coruña), en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don Andrés Antonio Sexto Presas, con data 11 de xuño de 2021, e número de protocolo 1840.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).





Segundo.- A Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e inscrita no Rexistro Central de Asociacións por resolución do 01-06- 2022, correspondéndolle o número 2022/25110-1.

A Asociación ten entre outros obxectivos o fomento e o desenvolvemento do hidróxeno renovable en Galicia. A descarbonización é un obxectivo fundamental na política de desenvolvemento e sustentabilidade a nivel nacional, europeo e internacional. O hidróxeno verde, que se produce mediante enerxías renovables, considérase unha das principais solucións que contribuirán a crear una economía sostible con alto valor engadido.

Terceiro.- O sector do hidróxeno, dada a privilexiada situación xeográfica de Galicia, permite a dinamización do tecido industrial en Galicia, pedra angular para o seu crecemento e desenvolvemento, no marco das posibilidades que ofrece o hidróxeno verde:

- Converter a Galicia nunha das rexións europeas líderes na xeración de enerxías renovables e hidróxeno verde.
- Participación das PEMES e empresas da comarca na fabricación de todo tipo de compoñentes vinculados á cadea de valor do hidróxeno.
- Promover a I+D+i enerxética rexional.
- Promover proxectos que reduzan as emisións de CO2.
- Promover un marco normativo de certificacións, estándares e formación.

Na actualidade, é necesario continuar avanzando nas novas políticas enerxéticas dentro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima europeo, nacional, autonómico, destacando en canto a este último a "Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050" e a "Axenda Enerxética de Galicia" 2030", a través da posta en marcha de novas propostas que redunden na consecución de novos obxectivos enerxéticos e medioambientais establecidos como camiño cara a unha transición enerxética efectiva e co máximo aproveitamento dos principais recursos enerxéticos renovables de orixe local.

Por isto, Inega e a Asociación están interesados en colaborar para a consecución destes obxectivos e, para tal efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre as partes, para a consecución dos obxectivos comúns da Asociación e o Inega na realización de actividades de fomento, difusión, información e comunicación relacionadas co





desenvolvemento e o impulso do sector industrial do hidróxeno verde en Galicia durante o ano 2025.

Durante a vixencia do convenio desenvolveranse un conxunto de actuacións cuxo alcance e orzamento se definen no Anexo I.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN

1. Elaboración dunha guía de tramitación de instalacións de hidróxeno en Galicia, segundo o alcance establecido no Anexo I.
2. Unidade de vixilancia tecnolóxica e intelixencia estratéxica, segundo o alcance establecido no Anexo I.
3. Ampliación do alcance e actualización do Mapa de capacidades industriais de Galicia entorno ao Hidróxeno verde, segundo o referido no Anexo I.
4. Elaboración dun estudio da situación actual do ecosistema do hidróxeno verde en Galicia, segundo o alcance establecido no Anexo I.
5. Desenvolvemento de accións de promoción, difusión, divulgación e comunicación para a promoción do ecosistema do hidróxeno renovable en Galicia, segundo o alcance establecido no Anexo I.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DO INEGA

1. Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio desenvolvidas na cláusula primeira.
2. Facilitar o asesoramento técnico e colaboración que sexa necesaria para a elaboración dos contidos destas actuacións.
3. Informar a Asociación sobre as diferentes liñas de axudas relacionadas co hidróxeno renovable convocadas polo Inega.
4. Calquera outra función que resulte de mutua conveniencia por razón do obxecto do convenio.

CUARTA.- CONTÍA DA ACHEGA

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o Inega achegará a cantidade máxima de 147.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 09.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2025.

QUINTA.- GASTOS ATENDIBLES

Con carácter xeral considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio.





Neste sentido, consideraranse os seguintes conceptos ao abeiro deste convenio:

a. **Gastos de persoal** da entidade beneficiaria, excepto as indemnizacións por despedimento e xubilacións anticipadas.

Os custos de persoal se minorarán na contía das deducións e bonificacións de cotizacións á Seguridade Social de que goce o beneficiario por razón da contratación do persoal cuxo custo se impute á subvención, prorrateada cando cumpra.

b. **Materiais:** adquisición de materiais, compoñentes precisos, subministros e produtos similares para a realización das actuacións deste convenio.

c. **Publicidade e comunicación:** gastos de inxerir publicidade relacionada coas xornadas informativas presenciais no marco deste convenio e nos distintos medios de comunicación existentes, tanto físicos como dixitais, incluídas as redes sociais.

d. **Materiais promocionais:** gastos de creación, emisión, difusión e envío de carteis, folletos ou similares, relacionados coas actividades de promoción e difusión das xornadas informativas presenciais no marco deste convenio

e. **Xornadas informativas de divulgación e promoción:** gastos de organización e execución das xornadas informativas presenciais no marco deste convenio, incluíndo o aluguer de salas e equipos, catering, gastos de poñentes, persoal de apoio, etc.

f. **Servizos de empresas e profesionais independentes.**

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

1. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, os traballos estarán executados e entregados ao Inega antes do día 15 de novembro de 2025.

2. O importe do IVE (Imposto sobre o Valor Engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Nembargantes o anterior, o IVE vinculado aos gastos elixibles, terá tamén a consideración de gasto elixible se a entidade acredita a súa exención expresa mediante certificación ao respecto da AEAT ou que tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación ningunha por parte da entidade. Esta acreditación farase mediante certificación de situación censual expedida pola AEAT, na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto, acompañada de certificación da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias. Ambas certificacións a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

3. Será obrigatorio solicitar tres ofertas para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000 € + IVE e deberá achegarse unha memoria xustificativa no caso de que non se escolla a proposta economicamente máis vantaxosa.





4. Os gastos nos que incorra a Asociación serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e decrementarán o importe total a achegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. O importe que achega o Inega ten como destino exclusivo a compensación dos custos nos que incorre a Asociación no desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio realizadas dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro deste ano, para compensar os gastos nos que incorre a Asociación na realización das devanditas accións e polo que non existe ánimo de lucro por parte desta última.

2. Poderanse realizar pagamentos parciais que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas, unha vez solicitado o pago mediante a presentación dunha certificación de gastos da Asociación comprensiva dos gastos incorridos o desenvolver as actuacións definidas no anexo I e a correspondente documentación xustificativa:

As ditas certificacións deberán presentarse por vía electrónica, sendo a data límite para presentación da última certificación o 15 de novembro de 2025, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona a continuación:

- a) Certificación do gasto: certificación comprensiva da relación clasificada dos gastos externos presentados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago e mediante a cal se solicita o pagamento.
- b) Unha Memoria de Actuación xustificativa do cumprimento das actividades obxecto do convenio. Presentarase un informe final detallado con indicación do grao de cumprimento respecto ao planificado, os resultados obtidos e as incidencias máis significativas no marco deste convenio, empregando indicadores obxectivos para medir o impacto logrado a través de cada acción. En todo caso, achegarase un exemplar de calquera entregable, material gráfico, folleto ou vídeo que se obteña no desenvolvemento das actividades. Nos casos daquelas actividades nas que se elabore documentación, materiais gráficos, de promoción, audiovisuais, ou calquera outro material en formatos analóxicos ou dixitais que se obteña no desenvolvemento das actividades deste convenio, achegarase copia dun exemplar ou a ligazón a webs e outros espazos virtuais relevantes nos que poida acreditarse a súa existencia.
- c) Unha Memoria Económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:
 - Unha relación dos gastos e investimentos clasificados por partida orzamentaria, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago e partida orzamentaria á que corresponde. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable da entidade.





- Orixinais ou fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos do investimento ou actuación consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente.

As facturas e xustificantes de gasto deberán reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento relativo ás obrigacións de facturación:

- Deberá poder identificarse de forma clara o número da factura e a súa data de emisión.
- Deberá identificarse correctamente tanto o destinatario dos bens ou servizos como o obrigado a expedir a factura, incluíndo as súas correspondentes razóns ou denominacións sociais, números de identificación fiscal e domicilio.
- O concepto da factura deberá ser claro e relacionado coa actividade, describindo as operacións e a data de realización das mesmas.
- No caso das subcontratacións o documento xustificativo ou factura deberá facer referencia á actividade ou tarefas subcontratadas no marco do proxecto en cuestión.
- Deberá poderse identificar o tipo impositivo ou tipos impositivos aplicados ás operacións.
- Finalmente, deberá poderse identificar a cota tributaria repercutida, que deberá consignarse por separado.

En calquera caso, o importe xustificado de cada factura será o valor total da mesma sen IVE. Para poder incluír o IVE como gasto financiable, o beneficiario deberá presentar o correspondente certificado de estar exento do pago do IVE.

Se as facturas están en idioma distinto do galego ou español, deberase achegar tradución da descrición do servizo, subministración ou outro tipo de gasto que corresponda, debéndose axustar as facturas aos requisitos que exixa a lexislación de cada país estranxeiro.

- Orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos (excepción feita daqueles documentos dos que a empresa non custodia orixinais –cheques–). Presentarase adxunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento e o extracto bancario onde figure o cargo correspondente.

No caso de que exista un mesmo documento de pagamento para varios documentos de gasto, deberase fotocopiar o documento de pagamento tantas veces como documentos de gasto aos que faga referencia, e achegarse a cada un dos documentos de gasto unha copia do devandito documento de pagamento.

Non se admiten os pagamentos en efectivo.

Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir un desglose dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.





- d) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta bancaria da Asociación onde debe realizarse o pagamento, na que conste: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.
- e) Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Inega. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Inega poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado para o cal se lle poderá requirir e exhibición do documento orixinal.
- f) Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- g) Documentación xustificativa do pagamento do 100% do custo externo incorrido mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- h) Declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación
- i) Outros ingresos: certificado de achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización dos eventos xustificadas, non podendo superar o 100% do seu custo total.
- j) Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

3. O Inega abonará a Asociación, segundo corresponda, o 100% dos custos xustificadas.

Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes dos gastos xustificables.

4. A Asociación manterá a disposición do Inega ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por





medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia deste convenio.

SÉTIMA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual e material dos traballos que resulten deste convenio será conxunta do Inega e da Asociación. A información que se obteña, os resultados das investigacións e o seu alcance poderán ser difundidos con autorización expresa da Asociación e do Inega deixando constancia nas publicacións da participación de cada unha delas. En toda a documentación ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral, farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

OITAVA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e a súa vixencia rematará o 31 de decembro de 2025, con retroacción dos seus efectos, a fin de amparar as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025.

NOVENA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolveron as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio de colaboración.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase una Comisión de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do Inega e dous representantes da Asociación, que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se desen circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do Inega que terá voto de calidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, tendo que validar o plan de actuacións e autorizar previamente todos os gastos externos xustificables ao abeiro deste convenio (agás os importes inferiores aos 3.000 €).

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.





DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Os asinantes manifiestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto."

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederáse de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- MODIFICACIÓNS

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do convenio procedendo o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondentes as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

En especial, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a. O transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- b. O mutuo acordo entre as partes.
- c. A imposibilidade sobrevida para o cumprimento dos termos do presente acordo.
- d. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- e. O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.





DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e a Asociación, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio rexerese polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Polo Inega

Pablo Fernández Vila

Por Resolución do 10/03/2017 de

delegación de competencias da

Presidencia da Axencia (DOG 27/03/2017)

Presidente da Asociación

José Ramón Ferreiro González

ANEXO I: Memoria Económica

**ACTIVIDADES DE FOMENTO, DIFUSIÓN, INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN
RELACIONADAS CO DESENVOLVEMENTO E O IMPULSO DO SECTOR INDUSTRIAL
DO HIDRÓXENO VERDE EN GALICIA DURANTE O ANO 2025.**





CONCEPTO	ORZAMENTO
1. Guía de tramitación de instalacións de hidróxeno en Galicia	15.740,00€
2. Unidade de Vixilancia Tecnolóxica e intelixencia estratéxica	7.042,00€
3. Ampliación do alcance e actualización do Mapa de capacidades industriais de Galicia entorno ao Hidróxeno verde	25.436,00€
4. Estudo da situación actual do ecosistema do hidróxeno verde en Galicia	13.944,00€
5. Desenvolvemento de accións de promoción, difusión, divulgación e comunicación para a promoción do ecosistema do hidróxeno renovable en Galicia.	84.838,00€
TOTAL	147.000,00 €

1. Guía de tramitación de instalacións de hidróxeno en Galicia

ÍNDICE DE REFERENCIA

1. Introducción.
2. Obxectivo da guía.
3. Principais instalacións nos sistemas de produción de hidróxeno.
4. Marco normativo de aplicación e documentos de referencia.
5. Tramitación administrativa de instalacións de hidróxeno en Galicia.
6. Seguridade industrial do hidróxeno.





- 6.1. Seguridade do hidróxeno na fase de deseño e enxeñería.
 - 6.2. Seguridade e mantemento das instalacións en operación.
 - 6.3. Aspectos clave da seguridade industrial en función das tipoloxías de produción de hidróxeno.
 - 6.4. A seguridade industrial no almacenamento de hidróxeno.
 - 6.5. Hidroxeneras e á seguridade industrial.
 - 6.6. O transporte de hidróxeno: normas técnicas e guías de seguridade específicas.
 - 6.7. A seguridade industrial na transformación do hidróxeno.
7. Exemplos prácticos.
 8. Modelos de documentación

ANEXOS

GLOSARIO e ABREVIATURAS

REFERENCIAS

2. Unidade de Vixilancia Tecnolóxica e intelixencia estratéxica

O obxectivo de esta actividade é captar e comunicar aos axentes do ecosistema de forma visual e atractiva a información relevante sobre os factores clave do entorno, de forma que se poida facilitar a toma de decisións para impulsar o sector do hidróxeno verde en Galicia.

Para logralo, levaranse a cabo as seguintes tarefas:

- Mantemento do sistema de vixilancia e intelixencia no ámbito do hidróxeno verde: continuación das actividades de captación e monitorización de tendencias (a nivel nacional e internacional), boas prácticas, normativas, axudas e proxectos desenvolvidos en outras localizacións e que, desta forma, se poidan realizar proxectos en Galicia alineados cos retos europeos neste ámbito, se eviten duplicidades e se busquen sinerxias e alianzas con proxectos complementarios.
- Migración e actualización continua do repositorio de coñecemento sobre hidróxeno verde creado en MS Sharepoint, onde se centraliza a información relativa á financiación, lexislación, informes e previsións, ecosistema e proxectos.
- Creación de contidos para incluír na newsletter difundida entre os axentes do ecosistema do hidróxeno verde.



O acceso ao repositorio da unidade de vixilancia tecnolóxica e intelixencia estratéxica realizarase a través dun sitio en MS Sharepoint, que disporá dun interface desde o cal as persoas usuarias poderán acceder a toda a información.

Ademais de poder acceder aos diferentes paneis de contidos, tamén será posible engadir novos rexistros mediante o uso de listas para enriquecer a información contida no sitio.

3. Ampliación do alcance e actualización do Mapa de capacidades industriais de Galicia entorno ao Hidróxeno verde

Incluindo un apartado de Recursos Industriais en torno ao hidróxeno verde en Galicia, onde se identifiquen e detallen as empresas, outras asociacións ou entidades (axentes económicos e sociais; asociacións sectoriais/clústeres; entidades de apoio e profesionais; centros de I+D+i e formación), catálogo de grupos de investigación e proxectos distintivos e innovadores. É dicir, tratase de dar a coñecer o sector do H2 verde en Galicia, as súas capacidades produtivas, recursos industriais e experiencia desde o punto de vista de acción comercial así como de establecemento de iniciativas que contribúan ao crecemento da actividade no sector do H2 verde en Galicia, recollendo ademais do que xa existe, as empresas que operan no ámbito do H2 verde e demais asociacións e entidades anteriormente referidas. A idea é que sexa un Mapa dinámico e en constante evolución polo que se deseñará e implementará unha vía de comunicación co sector para que remitan as súas propostas de solicitude de incorporación ao Mapa de H2 verde de Galicia.

O índice do Mapa en formato dixital sería o seguinte:

1. Introducción.

2. Obxectivo: deseñar una ferramenta integral que permita mostrar as capacidades produtivas, experiencia e proxectos para accións comerciais e establecemento de iniciativas que contribúan o crecemento da actividade no sector do H2 verde en Galicia.

3. Ecosistema do hidróxeno verde en Galicia (podería incluírse un resumen executivo da actuación do Estudio da situación actual do ecosistema do H2 verde en Galicia).

4. Recursos industriais do ecosistema do hidróxeno verde en Galicia.

4.1. Empresas. (nas fichas de empresa (2 caras por ficha incluídas imaxes) deberían figurar os seguintes apartados: datos de contacto; actividade; produtos e servizos; produtos servizos destacables: innovación; proxectos destacables).

4.2. Asociacións e Entidades.





- 4.2.1. Axentes económicos e sociais.
- 4.2.2. Asociacións sectoriais/clústeres.
- 4.2.3. Catálogo de grupos de investigación.
- 4.2.4. Proxectos distintivos e innovadores.

4.3. Catálogo de grupos de investigación.

4.4. Proxectos distintivos e innovadores.

4. Estudo da situación actual do ecosistema do hidróxeno verde en Galicia

O índice do Estudo sería o seguinte:

1. Marco regulatorio e aspectos transversais.
 2. Identificación da produción e demanda de hidróxeno.
 3. Almacenamento, transporte e distribución.
 4. Identificación de mercados incipientes e despregue de mercados.
 5. Usos finais: costes e oportunidades.
 6. Desenvolvemento industrial e tecnolóxico.
 7. Identificación de polos de desenvolvemento e vales de hidróxeno
 8. Conclusións
- Anexos.

5. Desenvolvemento de accións de promoción, difusión, divulgación e comunicación para a promoción do ecosistema do hidróxeno renovable en Galicia.

Consistentes en:

- Realización de 3 xornadas informativas sobre o H2 en Galicia. Realizarase unha (1) xornada en A Coruña, unha (1) en Vigo e unha (1) en Santiago de Compostela. As temáticas propostas para as xornadas son: 1. Desafíos e oportunidades na construción de proxectos de H2 verde en Galicia. A celebrar na Coruña no mes de xuño con proposta de tres datas posibles: 3, 10 o 17. 2. Estratexia, escenarios e aspectos claves para impulsar o ecosistema do H2 verde en Galicia. A celebrar en Vigo ou en Santiago de Compostela no mes de setembro. 3.





Infraestructuras de hidróxeno e situación da rede troncal. A celebrar en Vigo ou en Santiago de Compostela, segundo onde se celebre a xornada anterior, no mes de novembro. No orzamento estarán incluídas as partidas correspondentes o aluguer de espazos (sen prexuízo de que o Inega poida poñer a disposición algún espazo dispoñible), os costes derivados do material de promoción e difusión das xornadas (como por exemplo os displays publicitarios enrollables que se utilizarán nas xornadas), o servizo de streaming no seu caso, e o servizo de gastos de poñentes no seu caso. As xornadas realizaranse en horario de mañá, de 9:30-11:30 horas. Finalizarán con un cofee-networking que permitirá ampliar o coñecemento do sector e das entidades que o conforman.

- Continuar ca elaboración da Newsletter con periodicidade quincenal.
- Ciclo de almozos H2 Galicia:
 - Un por provincia.
 - Horario estimado de 9:00 a 11:00 horas
 - Temáticas:
 1. Tendencias europeas e oportunidades en Galicia.
 2. Tecnoloxía H2: o que xa é viable e o que está por chegar.
 3. Financiación: como lograr apoio para proxectos H2 en Galicia.
 3. Infraestrutura e cadea de valor H2.
- Visita ao Centro Nacional del Hidróxeno (CNH2)+Planta de produción de hidróxeno de Iberdrola.

